



Información FEGADO <info@fegado.es>

CONVOCATORIA AXUDAS DGAN 2021

1 mensaje

Fundación Deporte Galego <fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal>

9 de noviembre de 2021, 13:34

Estimado/a Presidente/a:

A través deste correo informámoste que a Fundación Deporte Galego ven de **publicar hoxe martes, 9 de novembro**, no **Diario Oficial de Galicia** o anuncio da Convocatoria de Axudas a Deportistas Galegos de Alto Nivel 2021, baixo a denominación “**Convocatoria de AXUDAS DGAN 2021**”, e que se enmarca no plan de axudas á preparación dos/as deportistas galegos/as de alto nivel.

Esta convocatoria conta nesta ocasión con **oito tipos de axudas**: Axuda DGAN 1, Axuda DGAN 2, Axuda DGAN 3, Axuda DGAN 4, Axuda DGAN 5, Axuda DGAN 6 e Axuda D.A. (Deportista de Apoio/guí) que serán asignadas **segundo os resultados deportivos** que tiveran acadado **durante o ano 2020** (non se valorarán resultados acadados en anos anteriores ou posteriores) e que dende a vosa Federación Galega poidades acreditarnos posteriormente ás solicitudes das persoas deportistas.

Este ano, como novidade, contaremos cunha oitava liña de axuda, orientada a persoas DGAN das que acreditedes dende a vosa federación deportiva que **non puideron participar nas competicións deportivas estatais ou internacionais oficiais, por seren canceladas éstas por mor da pandemia COVID19 ou por sufrir un contaxio por COVID19 ou coretena por contaxio de contacto próximo** e ademais foran beneficiarios/as dunha Axuda DGAN resolta na convocatoria correspondente ao exercicio presupuestario 2020 (valoración de resultados de 2019).

De cara a que as difundades entre as vosas persoas deportistas federadas, enviámostos neste correo as devanditas bases desta convocatoria, quedando tamén a disposición pública na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> e na web <http://deporte.xunta.gal> dende hoxe. A destacar, en todo caso, que **o prazo de presentación de solicitudes comeza mañá mércores 10 de novembro e rematará o vindeiro martes 23 de novembro de 2021.**

Ademais, recordámostos que, do mesmo xeito que na anterior edición, poderán:

- Solicitar axuda todas aquelas persoas deportistas que estén ou estiveran recoñecidas pola Secretaría Xeral para o Deporte coma Deportistas de Alto Nivel **nalgún momento dos anos 2020 e/ou 2021 (aínda que a día de hoxe non estea vixente o recoñecemento).**
- **Cursar a solicitude de axuda de forma telemática**, ademais de manter a liña tradicional de presentación presencial en formato papel. Terán á súa disposición os formularios normalizados (anexos I e II) na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Poderán utilizar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da propia Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>), habilitándose un enlace na Guía de procedementos e servizos co **código PR961A** (que estará dispoñible a partir de mañá mércores 10 de novembro).
- Presentar a solicitude en formato papel **en calquera rexistro oficial polo que se poida achegar documentación ás Administración Públicas**, tal e como se indica no apartado 5 das bases.

- Remitirnos **unicamente cuberto o anexo I de Solicitud e, se fora o caso, o anexo II de Autorización de representación** (menores de idade ou outros casos de representación legal). **Naqueles casos nos que se teña que acreditar a non participación en competicións por mor de corentena por contaxio COVID19 ou por contaxio de contacto próximo, algún documento oficial sanitario no que así se acredite.**
- **Evitar acudir á Federación Deportiva Galega correspondente para que lles cubrades o certificado de resultados, pois o mesmo seravos solicitado directamente por parte da Fundación Deporte Galego; incluimos neste correo o formato de Certificado que vos enviaremos xunto cos nomes das persoas DGAN solicitantes, despois de rematado o prazo de solicitudes o martes 23 de novembro.**

Para calquera dúbida, podes contactar co técnico deportivo responsable desta convocatoria, Luciano Díaz Martínez, no teléfono 881.996.375 ou no correo electrónico: luciano.diaz.martinez@xunta.gal


Finalmente, quixeramos aproveitar este correo para felicitarte polos logros acadados grazas ao voso esforzo diario a prol das persoas deportistas galegas.

Sen outro particular, recibe un cordial saúdo.

José Ramón Lete Lasa

Presidente da Fundación Deporte Galego

6 adjuntos

 PR961A-castellano.pdf
1473K

 PR961A-galego.pdf
1473K

 Anuncio DOG AXUDAS DGAN 2021 (galego).pdf
419K

 Anuncio DOG AYUDAS DGAN 2021 (castellano).pdf
422K

 PR961A Bases AXUDAS DGAN 2021.pdf
389K

 PR961A Formulario-certificado Federación Axudas DGAN 2021.odt
218K